




# Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/68/2024 03/01/2024

Area / Unidade RR.HH PE0000 ASR	Documento 10818I000P	
Código de verificación  1Z5V 5V26 2F4S 3268 0R04	Expediente 108/2019/780	
	Data 02-01-2024	

**Asunto:** SEL2019038 Concurso ordinario C.E. 1/19 \_ Fase de resultas (trámite de audiencia)

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES

**Primeiro.**- Mediante resolución da concelleira delegado de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 24/05/2019, aprobáronse as bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña CE 1/19 (BOP núm. 107, do 7/06/2019). A relación de postos de traballo ofertados na dita convocatoria foi modificada por resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 26/06/2020, e corrixida mediante resolución do 09/07/2020 (BOP núm. 96, do 29/06/2020 e BOP núm. 107 do 17/07/2020).

O anuncio da devandita convocatoria foi publicado no BOE núm. 215 do 10/08/2020 e no DOG núm.178 do 02/09/2020.

**Segundo.**- Mediante resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data 15/01/2021, exclúense da relación de postos de traballo ofertados no Anexo I da convocatoria de concurso sinalada no punto primeiro, os postos denominados director/a de Unidade Técnica (números de referencia 1390 a 1399), en execución da Sentenza do Xulgado do contencioso – administrativo núm. 2 da Coruña, de data 19/10/2020, procedemento abreviado 0000038/2020-M.

Esta resolución, abriu un novo prazo de 15 días hábiles, de modificación de instancias de participación no devandito procedemento de concurso, para aquelas persoas participantes que tiveran solicitado algún dos postos excluídos pola execución da mencionada sentenza.

**Terceiro.**- De conformidade coa base 9.2 da convocatoria, con data do 20/06/2023 o secretario da comisión de valoración publicou na paxina web, no xestor de contidos Alfresco e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña a proposta definitiva de adxudicación de postos de traballo, malia o cal, en cumprimento da resolución do Concelleiro Delegado de Economía e Planificación Urbana (RES/AYT/19818/2023, do 11 de outubro), a comisión de valoración do concurso, na sesión do 17 de outubro de 2023, acordou revisar e, en consecuencia, corrixir a valoración xeral do concurso e a proposta de adxudicación definitiva, que foron publicadas de novo no xestor de contidos Alfresco e na páxina web municipal (www.coruna.gal) con data do 3 de novembro de 2023.

**Cuarto.**- Mediante a resolución do concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana de data 15 de novembro de 2023, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 226, do 27/11/2023 e 233, do 7/12/2023), aprobouse a resolución da 1ª fase do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña CE 1/19 e a adxudicación de postos de traballo, en cuxo apartado quinto das

consideracións xurídico-técnicas facíase mención a que unha vez rematada esta fase convocárase a de resultas, de conformidade co establecido no apartado 4 das bases do concurso.

A mencionada resolución do concurso adxudica os postos de traballo ofertados e establece unha data única de cesamento, diferíndoa polas razóns que nela se indican ao 10 de xaneiro de 2024, fixando os prazos posesorios de acordo co previsto nas bases do concurso.

Á vista do anterior, procede iniciar a tramitación da fase de resultas, de acordo co previsto no apartado 4.4 e 4.5 das bases do concurso que a estes efectos sinalan:

4.4 Unha vez rematada a primeira fase, abrírase unha fase de resultas que recollerá os postos que queden vacantes unha vez resolta a adxudicación da primeira fase. O persoal funcionario que participase na primeira fase poderá solicitar, no prazo de quince días, os postos que poidan resultar vacantes a consecuencia da adxudicación dos postos ofertados no anexo I. Naqueles postos de traballo nos que sexa necesaria a presentación dunha memoria, esta axustarase ao disposto nas bases terceira e sexta.

4.5. Lista de admitidos na fase de resultas. Unha vez que remate o prazo de solicitudes de resultas aprobarase a lista de aspirantes admitidos a resultas. Esta lista publicarase no xestor de contidos Alfresco e na páxina web do Concello.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS

**Primeira.-** O apartado 1 das bases do concurso ordinario de provisión de postos de traballo CE 1/19 (publicadas no BOP núm. 107, do 7/06/2019), prevé que o proceso desenvolverase en dúas fases, unha primeira, que tería por obxecto a cobertura dos postos vacantes ofertados, na que o persoal interesado podería solicitarlos por orde de preferencia, e unha segunda de resultas, que se iniciará unha vez rematada a fase anterior.

Concluída a valoración, e mediante a resolución do concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana de data 15 de novembro de 2023, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 226, do 27/11/2023 e 233, do 7/12/2023), aprobouse a resolución da 1ª fase do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña CE 1/19 e a adxudicación de postos de traballo, en cuxo apartado quinto das consideracións xurídico-técnicas tamén se facía mención a que unha vez rematada esta fase convocárase a de resultas, de conformidade co establecido no apartado 4 das bases do concurso.

**Segunda.-** O mencionado apartado 1 das bases do concurso establece que a fase de resultas recollerá os postos que queden vacantes unha vez resolta a adxudicación anterior, así como os que poidan resultar vacantes a consecuencia da adxudicación dos ofertados inicialmente. A adxudicación dun posto a resultas está condicionada a que o solicitante non obteña ningún dos postos que foron obxecto da convocatoria e a que o dito posto sexa de necesaria cobertura.

Os postos a ofertar en resultas figuran detallados no anexo que se acompaña, que inclúe os 12 que quedaron vacantes dos ofertados inicialmente, entre os que non figura o referenciado co núm. 0329, correspondente á Xefatura de Departamento de Exposicións, Coleccións e Memoria Histórica, pertencente ao Servizo de Cultura e Memoria Histórica, porque con motivo da última modificación puntual da Relación de Postos de Traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 11 de outubro de 2023 (BOP 199, do 18 de outubro de 2023), alteráronse as súas características, no sentido de suprimir os requisitos de titulación para o seu desempeño, circunstancia que obriga a excluílo da oferta de postos, para evitar o agravio comparativo que suporía que na fase de resultas podan optar ao citado posto persoas que non puideron facelo na fase anterior por non reunir os requisitos de titulación que naquel momento tiña asociados. Esta previsión está amparada no dereito fundamental á igualdade, neste caso de oportunidades, recollido nos artigos 14 e 23 da CE.



# Concello da Coruña

Asemade, entre os postos a ofertar na fase de resultas que figuran no anexo tamén se inclúen todos os que resulten vacantes como consecuencia da toma de posesión dos postos que foron adxudicados na fase 1ª. Esta relación de postos de resultas está integrada por un total de 77 postos, entre uns e outros.

**Terceira.** - Segundo se indica nos apartados 1 e 4.4 das bases do concurso, a participación na fase de resultas está restrinxida ao persoal funcionario que participase na 1ª fase, sempre que non obtivera algún dos postos que foron obxecto da convocatoria inicial, para o cal deberán de presentar a súa solicitude dentro do prazo especialmente habilitado para o efecto. Unha vez rematado o citado prazo, aprobarase unha listaxe de persoas aspirantes admitidas a resultas, que se publicará no xestor de contidos Alfresco e na páxina web do Concello.

Agora ben, para precisar qué persoal funcionario ten dereito a participar nesta fase de resultas do concurso, compre recordar o marco normativo e o establecido nas propias bases reitoras.

O artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón no seu apartado 5 que o persoal funcionario de carreira que se atope ao dispor do órgano competente ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos situados en localidades que se achen á distancia que se determine regulamentariamente da localidade do último posto que ocupase con carácter definitivo ou, á súa elección, da localidade do posto ao que estea adscrito provisionalmente. O incumprimento destas obrigacións determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Pola súa banda, o Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 9.a), que os funcionarios reingresados con adscrición provisional terán a obriga de participar no primeiro concurso para a provisión de postos de traballo que se convoque, sempre que reúnan os requisitos esixidos; de non facelo, serán declarados en situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Pola súa banda, o apartado 2 das bases do concurso sinala que o persoal funcionario que se encontre en situación de adscrición provisional (art. 97 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia), terá a obriga de participar na presente convocatoria para todos os postos que sexan adecuados ao seu corpo ou categoría. Caso de non obter un posto dos ofertados en ningunha das dúas fases do concurso, asignáraselles de oficio destino definitivo nalgunha das vacantes non cubertas nesta convocatoria. Entenderase cumprida a obriga de participar coa presentación da solicitude de participación no proceso para todos os postos que sexan adecuados ao seu corpo ou categoría.

Neste sentido, as bases do concurso sinalan que se cumpre coa obriga de solicitar todos os postos que se axusten ao corpo e categoría coa mera presentación da solicitude de todos estes postos, polo que habería que interpretar que a falta de presentación da memoria ou a incomparecencia na súa defensa non pode equipararse ao incumprimento da mencionada obriga.

Se ben esta obriga inclúese no apartado 2 das bases, dedicado aos requisitos de participación, a lista de admitidos está concebida para comprobar se os solicitantes cumpren cos requisitos de participación, non para comprobar o cumprimento desta obriga. Así, ao respecto do persoal doutras Administracións Públicas se esixe que estean en posesión dunha praza igual ou análoga, polo que, neste caso, ao ser un requisito de participación, é a aprobación da lista de admitidos o momento procedimental no que se debe comprobar o cumprimento de tal requisito.

En definitiva, o incumprimento desa obriga é dubidoso que puidera ser obxecto de emenda porque non estamos ante un "defecto" susceptible de provocar a exclusión.

Entre as persoas aspirantes que non resultaron adxudicatarias de posto, figuran algunhas que se atopan na mencionada situación de adscrición provisional e cuxas respectivas clases e categorías de pertenza non

encaixan en ningún dos 12 postos inicialmente ofertados e que resultaron vacantes na primeira fase do concurso, todas elas funcionarias con un deber de suxección especial e coñecedoras da normativa e das bases.

En tanto que sobre as persoas aspirantes en adscrición provisional pesaba a obriga de participar na primeira fase da convocatoria mediante a solicitude de todos aqueles postos adecuados ao seu corpo ou categoría, e que entre as persoas que non resultaron adxudicatarias figuran algunhas que de ter cumprido a citada obriga, estarían entre as adxudicatarias de posto, a súa participación na fase de resultas, ademais de permitir sanear o incumprimento de un deber legal, xeraría un evidente agravio comparativo ao respecto das persoas aspirantes que sí o cumpriron, porque permitiríalles optar a postos de mellor nivel que os que eventualmente lles poderían corresponder.

As persoas que incumpren os deberes estatutarios unidos a súa situación de adscrición provisional non poden obter un beneficio dese incumprimento, que ademais afecte negativamente a outros funcionarios/as que sí cumpriron con esas obrigas e confiaban no cumprimento do conxunto dos que se atopaban nesa situación, e incluso a funcionarios que non se atopaban en adscrición provisional pero que supoñían a situación ordinaria de cumprir coas obrigas legais.

Non obstante, a aplicación rigorosa do disposto na mencionada normativa iría en contra do interese público municipal no mantemento en activo do máximo número de efectivos, e mesmo evita que se alegue algunha situación de eventual indefensión por un descoñecemento do rigor establecido na normativa; xa que logo, suscitase unha interpretación máis favorable a ditos funcionarios de modo que ao respecto das persoas aspirantes en adscrición provisional que non resultaron adxudicatarias de ningún posto na primeira fase do concurso por non ter solicitados todos aqueles que se axustan á súa clase e categoría, non podan participar na fase de resultas, sen prexuízo do cal, e igual que o resto do persoal que se atopa en situación de adscrición provisional, ao final do proceso asignaráselles de oficio destino definitivo nalgún dos postos que resulten vacantes non cubertos nesta convocatoria.

**Cuarta.-** O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

## **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Iniciar a tramitación da fase de resultas prevista nas bases da convocatoria do concurso ordinario para a provisión de postos de traballo no Concello da Coruña C.E. 1/19 (BOP núm. 107, do 7/06/2019), que serán de aplicación en todo canto lle afecte a esta fase.

**Segundo.-** Poderán participar nesta segunda fase as persoas aspirantes participantes na primeira fase que non obtiveran posto de traballo e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, salvo as que se atopen en situación de adscrición provisional que non cumpriran a obriga de solicitar todos os postos ofertados, ao respecto das que, se fose o caso, ao final do proceso asignaráselles de oficio destino definitivo nalgún dos postos que resulten vacantes non cubertos nesta convocatoria.



# Concello da Coruña

**Terceiro.-** Ábrese un trámite de audiencia polo prazo máximo de 10 días hábiles, como acto de trámite en canto a esta proposta e ao anexo de postos ofertados. As persoas interesadas poderán consultar o expediente, debendo solicitálo previamente a través do enderezo electrónico do Servizo de RRHH (recursoshumanos@coruna.gal).

**Cuarto.-** Unha vez rematado ese trámite de audiencia, emitirase resolución na que se dará resposta, no seu caso, as alegacións que se puidesen ter presentado e abrirase o prazo de presentación de solicitudes a fase resultas do concurso C.E. 1/19, de acordo co previsto no apartado 3 das bases do mesmo, de 15 días hábiles a partires da publicación da convocatoria no xestor de contidos Alfresco e na páxina web municipal.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

## ANEXO

### POSTOS OFERTADOS NA FASE DE RESULTAS

REF	POSTO	UNIDADE ORGANIZATIVA	SERVICIO	GR	NIVEL	ESC	ESPECÍFICO	REQUISITOS	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
0067	Jefatura Unidad	Asesoría Jurídica	Asesoría Jurídica	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G
0075	Técnico/a Coordinación y Evaluación	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A1/A2	24	AG/AE	FR10 ED		
0080	Gestor/a Económico-Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0084	Gestor/a Económico-Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0087	Gestor/a Económico-Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0088	Gestor/a Económico-Presupuestario/a	Presupuestos y Estudios Económicos	Presupuestos y Estudios Económicos	A2	22	AG	FR09 ED		
0109	Técnico/a Superior de Gestión	Hacienda	Gestión Tributaria	A1	22	AG	FR10		
0148	Inspector de Tributos	Inspección de Tributos	Gestión Tributaria	A1	24	AG	FR11 PI		
0173	Técnico/a Medio de Recursos Humanos	Administración de RR.HH.	Recursos Humanos	A2	20	AE	FR09 ED	4205;4221-22	
0205	Técnico/a Medio de Coordinación de Programas	Empleo	Empleo y Empresa	A2	20	AE	FR09		
0207	Jefatura Departamento	Promoción Económica y Comercio	Empleo y Empresa	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED		
0209	Técnico Superior Promoción de Económica	Promoción Económica y Comercio	Empleo y Empresa	A1	22	AE	FR10 ED		
0212	Técnico/a Local de Empleo	Promoción Económica y Comercio	Empleo y Empresa	A2	20	AE	FR09		
0259	Jefatura Departamento	Obra y concesiones de obras	Contratación	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED		
0262	Jefatura Unidad	Apoyo administrativo a Jefatura Contratación	Contratación	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G.
0330	Director Exposiciones	Exposiciones y	Cultura y Memoria	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5401-04;4403-04	

	y Colecciones	Colecciones	Histórica						
0399	Dirección Adjunta Bibliotecas	Bibliotecas	Bibliotecas	A1/A2	22	AE	FR10 ED		Nivel III BM
0404	Técnico/a Medio de Biblioteca	Bibliotecas	Bibliotecas	A2	20	AE	FR09 JP AP1		Nivel II BM
0504	Jefe/a Administración Museos Científicos	Gestión Administrativa Museos Científicos	Museos Científicos	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		Idiomas
1110	Administrativo/a	Seguridad Ciudadana	Seguridad Ciudadana	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1118	Jefatura de Sección	Gestión administrativa de Medio Ambiente	Medio Ambiente	A1/A2	24	AG	FR11 ED		
1119	Técnico/a Superior de Gestión	Gestión Administrativa de Medio Ambiente	Medio Ambiente	A1	22	AG	FR10		
1197	Técnico/a de Medioambiente	Proyectos y Gestión Energética	Medio Ambiente	A2	22	AE	FR09	4301;4303;4306	
1200	Jefatura de Sección	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	A1/A2	24	AG	FR11 ED	5101-02;5105;5107;5302;4303;4308. Carnet B	
1210	Inspector/a Adjunto/a de Medio Ambiente	Inspección Medioambiental	Medio Ambiente	C1/C2	18	AE	FR06 ED TC PI	Carnet B	
1228	Técnico/a Medio de Control Financiero	Control Financiero y Fiscalización	Intervención General	A2	22	AG	FR09		Audit publica., contrat. admva, gest. presup., contab., personal y subvenciones
1252	Jefe de Caja	Tesorería General	Tesorería General	C1	20	AG	FR08 AP2 (QM)		F.A.G., At. Pub.
1253	Oficial de Caja	Tesorería General	Tesorería General	C1/C2	18	AG	FR07 AP2 (QM)		F.A.G., At. Pub.
1266	Jefe de Unidad	Recaudación	Tesorería General	A1/A2	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1267	Jefe de Unidad	Recaudación	Tesorería General	A1/A2	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1268	Administrativo	Recaudación	Tesorería General	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1304	Administrativo	Apoyo Administrativo de Tesorería General	Tesorería General	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1305	Administrativo	Apoyo Administrativo de Tesorería General	Tesorería General	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1379	Técnico/a Superior de Servicios Sociales	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A1	24	AE	FR11		Nivel II.2-II.4 SS
1385	Técnico/a de Programas y Evaluación	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A1	22	AG/AE	FR09		
1401	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1404	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1409	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1417	Técnico/a de Apoyo Social	Centros y Programas de Servicios Sociales	Servicios Sociales	A2	20	AE	FR09 JP AP1	R400	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1471	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1472	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1473	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1475	Trabajador/a Social	Acción Social	Acción Social	A2	20	AE	FR09 JP AP1	4223	Nivel II.1 SS. At. Pub.
1576	Técnico/a Medio de Urbanismo y Edificación	Oficina Técnica de Rehabilitación y Vivienda	Rehabilitación y Vivienda	A2	22	AE	FR09	4301-02;4306	
1584	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo a la Jefatura de Intervención	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A1	22	AG	FR10		
1587	Asistente de Administración	Apoyo a la Jefatura de Intervención	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	C1/C2	18	AG	FR06		F.A.G.



# Concello da Coruña

1612	Técnico/a de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Interv. Edif. y Disciplina Urb.	Intervención Edificación y Disc. Urban.	A1/A2	24	AE	FR11 ED	5301;4301;4306	
1623	Técnico/a Medio de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A2	20	AE	FR09	4301;4303;4306	
1624	Técnico/a Medio de Intervención de la Edificación	Oficina Técnica de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística	A2	20	AE	FR09	4301;4303;4306	
1636	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificac.	Oficina Técnica de Planeamiento	Planeamiento y Gestión	A1	24	AE	FR11	5301-02	
1638	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificac.	Oficina Técnica de Planeamiento	Planeamiento y Gestión	A1	22	AE	FR11	5301-02	
1645	Asistente de Administración	Gestión del Suelo	Planeamiento y Gestión	C1/C2	18	AG	FR06		F.A.G.
1646	Jefatura de Sección	Suelo de Gestión Directa	Planeamiento y Gestión	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		
1647	Jefe de Unidad	Suelo de Gestión Directa	Planeamiento y Gestión	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G.
1653	Técnico/a Superior de Urbanismo y Edificac.	Oficina Técnica de Gestión del Suelo	Planeamiento y Gestión	A1	22	AE	FR11	5301-02	
1656	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo Administrativo de Planeamiento y Gestión	Planeamiento y Gestión	A1	22	AG	FR10		
1658	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo Administrativo de Planeamiento y Gestión	Planeamiento y Gestión	A1	22	AG	FR10		
1659	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo Administrativo de Planeamiento y Gestión	Planeamiento y Gestión	A1	22	AG	FR10		
1753	Administrativo/a	Apoyo Administrativo de Movilidad Urbana	Movilidad Urbana	C1	20	AG	FR06		F.A.G.
1789	Técnico/a Medio de Movilidad	Oficina Técnica de Movilidad Urbana	Movilidad Urbana	A2	20	AE	FR09	4301-02;4306	
1822	Topógrafo/a	Vías y Obras	Infraestructuras	A2	20	AE	FR09 TC	4310;Carnet B	
1828	Técnico Superior de Infraestructuras	Vías Públicas	Infraestructuras	A1	22	AE	FR10 ED	5302	
1829	Técnico Medio de Infraestructuras	Vías Públicas	Infraestructuras	A2	22	AE	FR09 ED	4301-03;4306;4310	
1879	Jefe de Unidad	Apoyo Técnico de Infraestructuras	Infraestructuras	A2/C1	22	AG	FR09		F.A.G.
1893	Jefe de Sección	Seguridad y Prevención de Infraestructuras	Infraestructuras	A1/A2	24	AG/AE	FR11	5301;5302;4301-4302;4306	C. Sup. P.R.L.
1894	Técnico/a Medio de Seguridad	Seguridad y Prevención de Infraestructuras	Infraestructuras	A2	20	AE	FR09	4301-02;4306	C. Sup. P.R.L.
1908	Jefe/a Topógrafo	Topografía	Infraestructuras	A2	22	AE	FR09 TC	4310; Carné B	
1949	Jefe de Unidad	Atención Ciudadana	Atención Ciudadana e Interior	A2/C1	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
1951	Jefe de Unidad	Atención Ciudadana	Atención Ciudadana e Interior	A2/C1	22	AG	FR09 AP1		F.A.G., At. Pub.
2094	Técnico de Informática	Apoyo a Informática	Informática	A1/A2	22	AE	FR09	5101;5305;4101;4305;R200;R500	
2095	Técnico de Informática	Apoyo a Informática	Informática	A1/A2	22	AE	FR09	5101;5305;4101;4305;R200;R500	
2099	Gestor/a de Proyectos Informáticos	Apoyo a Informática	Informática	A2/C1	22	AE	FR09	4305;313;R200;R500	
2123	Jefatura de Sección	Modernización de Procesos	Innovación y Desarrollo Tecnológico	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		
2130	Técnico Medio de Innovación Tecnológica	Innovación y Desarrollo Tecnológico	Innovación y Desarrollo Tecnológico	A2	22	AE	FR09 ED	4305;R500	

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, José Manuel Lage Tuñas (JOSE MANUEL LAGE TUÑAS) a las 13:26 del día 03/01/2024 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA, AYO A CORUÑA a las 13:27 del día 03/01/2024. Mediante el código de verificación 1Z5Y5V262F4S32680R04 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/68/2024 el 03/01/2024



2142	Técnico/a Superior de Gestión	Proyect. y Estrategia con Fondos Europeos	Proyect. y Estrategia con Fondos Europeos	A1	22	AG	FR10		
2150	Técnico/a Superior de Gestión	Educación	Educación	A1	22	AG	FR10		
2156	Técnico/a Superior de Gestión	Apoyo a Informática	Informática	A1	22	AG	FR10		